

EDITORIAL

SORRISOS E BÁGOAS. Por Saúl Recouso.

Concentracións de preguiza

A exasperante lentitude coa que se tramitaron varias das concentracións parcelarias de Ordes, sen ser un caso illado en Galicia, é algo que nunca debería ter sucedido. Un fracaso con consecuencias que se pagan e se pagarán durante moito tempo, por xeracións.

A reordenación dos terreos é desde hai décadas unha necesidade vital. Non é ningunha novidade que os sectores agrario, gandeiro e forestal precisan ter á súa disposición fincas dun tamaño axeitado, rendible. E en varias parroquias de Ordes iso non se conseguiu a tempo para salvar numerosas explo-

tacións. Os seus responsables e os seus herdeiros desistiron. A clásica expresión “*nesta leira o tractor non dá a volta sen pisar a do veciño*” é sinónimo de perda de riqueza.

Foi a complexa burocracia destes procesos o maior atranco? Foi a falta de investimentos, a carencia de recursos económicos? Houbo un feble pulo político para facer avanzar as concentracións? Derivarono en conflitos veciñais que enquistaron o problema?

É certo que cada parcelaria é un mundo e seguramente hai unha concatenación de factores que impide o seu avance. As Ad-

ministracións, os sucesivos gobernos que pasaron por elas, teñen unha enorme responsabilidade. Pero tampouco a sociedade está libre de culpa, moi a miúdo cega de envexas que lle impiden ver o horizonte e progresar.

Así pois, cómpre vencer todos os obstáculos para pechar por fin todos os procesos abertos, pensando incluso en medidas de choque para reactivar o sector primario nas parroquias afectadas. E sobre todo cómpre aprender dos erros para que parcelarias como a de Poulou, tan agardada e recién activada, non duren trinta anos.

O sorriso para as obras que se anuncian en diversos colexios da comarca este verán. A Xunta encádraas no autodenominado Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica. Sexa un plan con fundamento técnico ou sexa unha nominación de mercadotecnia, son investimentos apremiantes desde hai anos. Agora que rematen antes do novo curso!



As bágoas para o desaugante silencio e inacción nos ámbitos correspondentes ante o que ten moita pinta dun caso Pigmalión na comarca. Os indicios cantan moito e os precedentes apuntan alí. Anque o protagonista estea de retirada, por que calar, sabendo? Sería cómico, incluso, se non fose que é diñeiro público.

LINGUA DE PRIMEIRA. Irene Bravo Pérez.

50 aniversario do Instituto da Lingua Galega

O Instituto da Lingua Galega é un centro de investigación lingüística da Universidade de Santiago fundado en maio de 1971, polo que cumpre este ano o seu 50 aniversario. Contribuíu decisivamente no proceso de codificación ortográfica, gramatical, lexical e fonética do galego xa que en 1982 aprobou, xunto coa Real Academia Galega (a máxima autoridade legal en normativización da lingua) as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, logo reformadas en 2003. A pesar da crenza popular de que o galego cambia seguido, como xa se indicara no seu momento, non o fai con máis frecuencia que outros idiomas do noso contorno, coma o castelán ou o portugués. E aínda que ás veces hai quen renega da norma estándar,

cómpre ter claro que unha lingua útil e adaptada ás necesidades da sociedade actual, con presenza no ensino e en espazos públicos coma os medios de comunicación, necesita unha variedade de referencia para os contextos formais.

O Instituto investiga no eido da filoloxía galega. O froito máis evidente do seu traballo son as numerosas publicacións editadas nestes 50 anos de vida nos ámbitos da dialectoloxía, a lexicografía, a edición de textos, a gramática, a onomástica, a historia da lingua ou a sociolingüística e, sobre todo nos últimos tempos, outras ferramentas e aplicacións tecnolóxicas de corpus textuais e lexicográficos e de consulta de datos lingüísticos que se ofrecen en liña. Entre esas publi-

cacións, a elaboración do Atlas Lingüístico Galego (editado en varios volumes e aínda outros en proceso de elaboración) e a construción dun voluminoso corpus léxico en constante proceso de enriquecemento son algúns dos seus logros máis celebrados.

Asemade, organiza ao longo do ano conferencias, seminarios e reunións científicas cos obxectivos de fomentar e orientar o traballo dos investigadores máis novos, favorecer a creación de espazos de encontro e colaboración entre o seu persoal e investigadores que realizan a súa actividade noutros centros e universidades, e difundir e avaliar os resultados do seu traballo.

Este ano, con motivo da conmemoración do seu 50 aniversario,

o ILG organizou e está a organizar varias actividades de interese, como o concurso de vídeo Móvete entre o estudantado dos institutos de Galicia e das zonas de fala galega de fóra da nosa comunidade, unha actividade creativa e divertida que contribúe a dar a coñecer o seu labor e a aumentar a presenza do galego nas redes sociais e entre a xuventude, nun momento crucial pola perda de galegofalantes que amosan os últimos informes sociolingüísticos de Galicia.



A autora é filóloga e é responsable do Servizo de Normalización Lingüística da Mancomunidade de Ordes.

Remítanos as súas dúbidas sobre a lingua. Terá resposta.

primeiranoticia.redaccion@gmail.com

PRIMEIRA NOTICIA - COMARCA DE ORDES

Edita: Óscar Fraga Garabato.

Paseo Carboeiro, nº 9. Sigüeiro 15.888. Oroso (A Coruña).

Directora: Aurora Pastor Gil | Teléfono: 617 917 130

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L. | Depósito legal: C468-2020

Mail: primeiranoticia.redaccion@gmail.com | Peche de edición: 22-05-2021

PRIMEIRA NOTICIA

Xornalismo desde a primeira liña